


Killing me softly with her song

VICENTE ARAGUAS



LUSOCURIA
VERÓNICA MARTÍNEZ
DELGADO
O Figurante Edicións. Vigo 2012.



O u “suave que me estás matando” ou –aínda– “e pausa, pausa, pausa”.

Quero dicir, que me presta poñerlle algunha canción de fondo (como estas) ao último libro de poemas de Verónica Martínez Delgado, directora que foi da Galería Sargadelos de Ferrol, titulado, un chisco crípticamente, o que sempre lle vai ben á poesía, *Lusocuria* (O Figurante Edicións/ Obradoiro Nova Galicia, Vigo, 2012). Un chisco hermético, digo, e aínda o sería máis se non fose porque a linguaxe empregada por Verónica é reintegracionista, por unha banda, e pola outra algo (moito) hai no título que nos leva a esa luxuria tan presente nos interiores do volume. Por certo que moi ben editado, o que fala das posibilidades que hai hoxe no mundo editorial, mesmo no máis incógnito.

E cheo de incógnitas está o material que Martínez Delgado nos presenta nun libro que xa desde a capa, en branco e negro, con dona vestida de roupa interior precisamente negra. Pois o que menos interesa é o que o lector “voyeur/ voyeuse” saiba quen protagoniza o contido, de altísimo voltaxe erótico.

“Podería ser este un libro un chisco hermético, que aínda o sería máis se non fose porque a linguaxe empregada é reintegracionista”

“É Verónica unha poeta que viaxa polo erotismo de altura”

O que compre saber é canto de alegría, de dor, de gozo, de autopsatisfacción está neste estudo de explicitudes implícitas que a poeta de Valdoviño foi quen de tecer no volume, real xa que logo (ou provocadamente irreal) como a vida mesma. E neste xogo de direccións, que levan ou non levan, atopamos a unha autora que emprega o verbo “foder” como se os amantes (ou xa non, de sempre ou de nunca) deste libro non fixesen o amor ou copulasen senon, directamente, “fodesen”.

O que non deixa de ser unha verdade co seu aquel de elegancia en función, por suposto, do contorno (ía dicir estilístico, mais hoxe non quero incorrer en pleonasmos). Algo así como os marcos (ou contornos) que os aditamentos eróticos, ligueiros e demais adobios, empristan aos prolegómenos eróticos “comme il faut”.

Dito isto, quixera engadir que nos poemas de Verónica Martínez Delgado hai moitas historias. Mesmo historias de historias, o que me empurra a pedirlle a esta autora que o seu libro continue, que non remate no seu propio desenlace, polo demais tan aberto cal os corpos que nas batallas de amor andan a pedir eses campos de plumas, tan definitivamente gongorinos.

Un que cando escribía poemas eróticos ía de farol. O que non semella ser o caso de Verónica Martínez Delgado. E aínda que así o fose.

Que máis nos ten en quen escribir: “Chegamos/ a un orgasmo ínfimo./ Adoeço/ a imaginar/ que pode ser nesta altura/ que eu fique grávida”.

Por exemplo. Como exemplo dunha poeta que viaxa polo erotismo de altura mergullándose, na súa baixada, nun mar tan complexo que se pon ás veces maretón. Así Verónica.